



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL

Centro de Educación Infantil e Primaria Víctor Sáenz

San Cosme de Antes, 35

15256 Mazaricos – A Coruña

Teléfonos: 881866101//881866102

Fax: 881866103

Correo electrónico: [ceip.victor.saenz@edu.xunta.es](mailto:ceip.victor.saenz@edu.xunta.es)

Web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvictorsaenz/>

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2019/2020

**CENTRO: CEIP VÍCTOR SÁENZ**  
**CURSO: 1º EP**  
**DATA: MAIO/2020**

## ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles de cada materia.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**
- 5. Profesorado.**

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

<b>LINGUA GALEGA</b>	
<b>Criterio de avaliación</b>	<b>Estándar de aprendizaxe</b>
B1.3. Comprender e producir textos orais sinxelos, propios do uso cotián ou do ámbito académico.	LGB1.3.1. Participa nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e contestando se é preciso.
	LGB1.3.2. Sigue unha exposición breve da clase ou explicacións sobre a organización do traballo
	LGB1.3.3. Elabora e produce textos orais moi breves e sinxelos ante a clase.
B1.5. Participar nas diversas situacións de interacción oral que se producen na aula amosando valoración e respecto polas normas que rexen a interacción oral.	LGB1.5.1. Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais.
B2.1. Comprender a información explícita en textos sinxelos de uso cotián ou procedentes dos medios de comunicación.	LGB2.1.2. Comprende informacións concretas en textos sinxelos, propios de situacións cotiás, como invitacións, felicitacións, notas e avisos ou mensaxes curtas.
B2.3. Ler, de forma guiada, textos sinxelos adecuados aos seus intereses para chegar progresivamente á expresividade e autonomía lectoras.	LGB2.3.1. Descodifica de forma axeitada na lectura de textos moi sinxelos.
	LGB2.3.2. Le textos sinxelos en voz alta, acadando progresivamente a velocidade axeitada.
B3.1. Producir e reescribir textos sinxelos relativos a situacións cotiás infantís, aqueles propios dos medios de comunicación ou os relacionados coa escola, respectando as convencións elementais da escrita.	LGB3.1.3. Usa o punto nos seus escritos.
	LGB3.1.4. Interésase por aplicar as regras ortográficas, con especial atención ao uso das maiúsculas.

<b>LINGUA CASTELÁ</b>	
<b>Criterio de avaliación</b>	<b>Estándar de aprendizaxe</b>
B1.1. Participar en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando a quenda de palabra.	LCB1.1.2. Aplica as normas socio-comunicativas: escoita e respecta a quenda de palabras.

B1.3. Expresarse e comunicarse de forma oral e con certa coherencia para satisfacer as necesidades de comunicación en diferentes situacións de aula.	LCB1.3.1. Participa activamente en diversas situacións de comunicación: diálogos e exposicións orais moi guiadas.
B1.5. Comprender o sentido global dun texto oral.	LCB1.5.1. Comprende o sentido global de textos orais de uso habitual, do ámbito escolar e social.
B2.1. Ler en voz alta diferentes tipos de textos infantís breves e sinxelos.	LCB2.1.1. Lee con pronunciación e entoación axeitada, textos sinxelos, de variada tipoloxía, breves e adaptados á súa idade.
B3.1. Interiorizar e utilizar as normas básicas de escritura e os seus aspectos gráficos	LCB3.1.1. Relaciona os códigos oral e escrito: discrimina sons nas palabras e consolida aspectos grafomotores e grafías da Lingua castelá en palabras significativas.
B4.1. Aplicar os coñecementos gramáticos básicos sobre a estrutura da lingua.	LCB4.1.5. Utiliza adecuadamente os artigos nos textos orais e escritos. LCB4.1.6. Forma grupos nominais respectando as normas de concordancia
B4.3. Aplicar os coñecementos básicos sobre as regras ortográficas para favorecer unha comunicación máis eficaz.	LCB4.3.1. Utiliza de forma correcta os signos de puntuación e as normas ortográficas propias do nivel e aplícaas á escritura de textos significativos sinxelos e seguindo modelos.
B4.4. Desenvolver estratexias para mellorar a comprensión oral e escrita a través do coñecemento da lingua.	LCB4.4.1. Forma e ordena correctamente oracións simples para compoñer textos sinxelos.

## MATEMÁTICAS

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B2.1. Ler, escribir e ordenar números enteiros utilizando razoamentos apropiados.	MTB2.1.1. Le, escribe e ordena números ata o 99
	MTB2.1.2. Identifica o valor de posición das cifras en situacións e contextos reais.
B2.3. Realizar operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, en situación de resolución de problemas.	MTB2.3.1. Realiza cálculos numéricos básicos coa operación de suma na resolución de problemas contextualizados.
	MTB2.3.2. Realiza cálculos numéricos básicos coa operación de resta (sen levadas) na resolución de problemas contextualizados
B2.4. Identificar e resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados e reflexionando sobre o proceso aplicado na resolución de problemas.	MTB2.4.1. Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados.

**CIENCIAS DA NATUREZA**

<b>Criterio de avaliación</b>	<b>Estándar de aprendizaxe</b>
B2.1. Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando a diversidade.	CNB2.1.2. Recoñece partes do propio corpo.
B2.2. Coñecer e valorar a relación entre o benestar e a práctica de determinados hábitos: a hixiene persoal, a alimentación variada, o exercicio físico regulado sen excesos ou o descanso diario.	CNB2.2.1. Relaciona a vida saudable cunha alimentación adecuada.
	CNB2.2.2. Relaciona o exercicio físico, os hábitos de hixiene e o tempo de lecer coa propia saúde
B3.1. Identificar e explicar en diferentes soportes, as principais características das plantas e dos animais.	CNB3.1.1. Explica as principais diferenzas entre plantas e animais empregando diferentes soportes
B5.1. Manexar obxectos e aparellos simples domésticos e escolares, describir os seus materiais e o seu funcionamento e utilízaos con seguridade evitando estereotipos sexistas.	CNB5.1.1. Coñece e nomea os oficios das persoas do seu contorno e evita estereotipos sexistas.

**CIENCIAS SOCIAIS**

<b>Criterio de avaliación</b>	<b>Estándar de aprendizaxe</b>
B2.4. Coñecer os fenómenos atmosféricos, a través das sensacións corporais, e describir os que xorden con máis frecuencia na súa contorna identificándoos nun mapa do tempo da prensa en papel ou dixital.	CSB2.4.1. Nomea os fenómenos atmosféricos máis habituais no seu espazo próximo e interpreta a simboloxía básica nun mapa do tempo da prensa en papel ou dixital.
B3.1. Recoñecer as relacións simples de parentesco familiar e os seus roles identificándose, situándose e valorando á pertenza a unha familia con características propias así como contribuindo ao reparto equitativo das tarefas domésticas entre os seus membros.	CSB3.1.1. Identifica as relacións de parentesco, discrimina os roles familiares e contribúe ao reparto equitativo das tarefas domésticas entre os membros da familia.
B3.3. Recoñecer á pertenza a certos grupos e participar neles respectando os principios básicos de convivencia.	CSB3.3.1. Respecta as normas de convivencia establecidas na familia e na escola.
B3.4. Identificar as partes da casa e o uso que se fai nelas e diferenciar entre os diferentes tipos de vivendas que forman a súa contorna.	CSB3.4.1. Identifica as partes da casa, as representa nun esbozo e coñece e explica o uso que se fai delas.
B3.5. Coñecer as características básicas da contorna próxima e diferenciar os conceptos de cidade, vila, aldea.	CSB3.5.1. Explica a diferenza entre cidade, vila e aldea e sitúa a súa casa nalgunha delas.
B3.6. Coñecer os medios de transporte do seu ámbito, as características fundamentais e os clasifica segundo a súa función e uso.	CSB3.6.1. Clasifica os diferentes medios de transporte da contorna segundo os seus usos, funcións e características.

B3.7.Observar e discriminar diferentes elementos viarios que debera recoñecer un peón ou peoa para unha circulación óptima pola rúa.	CSB3.7.1.Coñece as sinais de tráfico necesarias para camiñar pola rúa correctamente: cores dos semáforos, pasos de peóns ou peoas, etc.
--	---

VALORES	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Crear unha imaxe positiva dun mesmo/a valorando positivamente as súas características físicas e calidades, expresándoa mediante a linguaxe oral e representacións.	VSCB1.1.3. Manifesta verbalmente unha visión positiva das súas características físicas e calidades persoais.
B1.2.Tomar conciencia das emocións, recoñecendo os signos físicos que as poden acompañar.	VSCB1.2.1. Identifica e comunica as súas emocións.
B1.3. Autorregular as condutas cotiás e adquirir algunha estratexia de control dos impulsos.	VSCB1. 3.3. Interpreta o contorno e desenvólvese nel con autonomía.
B2.1. Expresar opinións, emocións e estados de ánimo empregando coordinadamente a linguaxe verbal e non verbal	VSCB2.1.3. Emprega a comunicación verbal para comunicar afectos e emocións con amabilidade.
B2.3.Comprender a outras persoas, detectar e expresar as súas características e identificar as súas emocións.	VSCB2.3.1. Describe oralmente as características de diferentes persoas.
	VSCB2.3.2. Recoñece e explica emocións e estados de ánimo das demais persoas.
B2.4. Descubrir e comprender as diferenzas entre as persoas, realizar valoracións positivas das súas calidades e facer cumprimentos.	VSCB2.4.2. Identifica necesidades dos seus compañeiros e compañeiras, resalta as súas calidades e emite cumprimentos.
B3.1. Participar en actividades grupais e de equipo, tendo en conta as propias necesidades e amosando unha boa disposición para recibir e dar axuda.	VSCB3.1.2. Pide axuda, cando a precisa, e presta axuda aos compañeiros e compañeiras.
	VSCB3.1.3. Mantén boas relacións cos compañeiros e compañeiras.
B3.2.Recoñecer, explicar e buscar solucións sinxelas aos conflitos habituais no colexio.	VSCB3.2.1.Soluciona os problemas persoais da vida escolar coa independencia adecuada a súa idade
B3.3.Valorar as condutas cotiás en relación ás normas de convivencia do colexio e realizar un uso responsable dos materiais escolares	VSCB3.3.1. Coñece e enumera as normas de convivencia da aula
	VSCB3.3.2. Pon en práctica procesos e razoamentos sinxelos para valorar se determinadas condutas son acordes ás normas de convivencia escolares.

<b>RELIXIÓN CATÓLICA</b>	
<b>Criterio de avaliación</b>	<b>Estándar de aprendizaxe</b>
Recoñecer que os cristiáns formamos unha familia.	Asocia as características da familia da Igrexa coas da súa familia.
Subliñar os elementos distintivos do domingo como día especial.	Coñece o sentido do domingo.

<b>EDUCACIÓN FÍSICA</b>	
<b>Criterio de avaliación</b>	<b>Estándar de aprendizaxe</b>
B1.1. Recoñecer as posibles situacións conflictivas surxidas nos xogos aceptando as opinións dos demais.	EFB1.1.1. Aмосa boa disposición para solucionar os conflitos de forma razoable.
B1.2. Buscar información facendo uso das TIC.	EFB1.2.1. Utiliza as novas tecnoloxías para buscar información.
B1.3. Demostrar un comportamento personal responsable, respetándose a un mesmo e aos demais nas actividades físicas e nos xogos, aceptando as normas e as regras.	EFB1.3.1. Participa activamente nas actividades propostas.
	EFB1.3.3. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.
	EFB1.3.4. Participa na recollida do material usado nas clases.
	EFB1.3.5. Acepta formar parte do grupo que lle corresponde.
B2.2. Coñecer o funcionamento do corpo para realizar movementos adecuados ás situacións motrices que se presentan.	EFB2.2.1. Coñece e identifica as partes do propio corpo.
	EFB2.2.2. Realiza actividades de equilibrio estático, con e sen axuda.
	EFB2.2.3. Reacciona ante estímulos sinxelos visuais, auditivos e táctiles, dando respostas motrices que se adaptan ás características desos estímulos.
B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espacio-temporais.	EFB3.1.1. Desprázase de distintas formas, variando os puntos de apoio.

	EFB3.1.2. Salta de distintas formas, variando os puntos de apoio.
	EFB3.1.3. Realiza xiros sobre o eixe lonxitudinal.
	EFB3.1.4. Equilibra o corpo en distintas posturas.
B4.1. Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, comunicando sensacións e emocións.	EFB4.1.2. Reproduce corporalmente unha estrutura rítmica sinxela.
	EFB4.1.3. Realiza bailes e danzas sinxelas representativas da cultura galega e doutras culturas.
B5.1. Recoñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar.	EFB5.1.1. Intenta cumprir as normas básicas de coidado do corpo en relación coa hixiene, con autonomía.
	EFB5.1.2. Adopta hábitos alimentarios saudables.
B6.2. Recoñecer a diversidade de actividades físicas, lúdicas, deportivas en especial as de Galicia.	EFB6.2.1. Practica xogos libres e xogos organizados.
	EFB6.2.2. Recoñece xogos tradicionais de Galicia.
B6.3. Manifestar respecto cara a contorna e o medio natural nos xogos e actividades ao aire libre.	EFB6.3.1. Realiza actividades no medio natural con coidado e respecto.

## INGLÉS

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Expresar e identificar estados de ánimo básicos.	Expresa e identifica catro estados de ánimo.
Relacionar imaxes ou viñetas con vocabulario sinxelo.	Asocia cada imaxe coa grafía correspondente.
Comprender vocabulario moi elemental relacionado coa familia.	Comprende vocabulario básico relacionado coa familia.
Debuxar o tempo e identificar a palabra nun calendario.	Debuxa o tempo atmosférico e identifica a súa palabra.
Seguir instrucións básicas para completar unha actividade.	Comprende as instrucións para executar as actividades.
Asociar preguntas e respostas.	Asocia dun listado unha serie de preguntas coas respostas.
Comprender a idea principal dunha historia con imaxes.	Comprende a idea principal dunha historia con viñetas.



Escribir frases sinxelas seguindo un modelo dado.	Escribe frases curtas seguindo un modelo.
Discriminar dunha serie un obxecto que non pertence á mesma.	Rodea o obxecto que non pertence a unha mesma serie.
Recoñecer vocabulario relacionado coas rutinas diarias.	Recoñece vocabulario relacionado coas rutinas diarias.
Comprender vocabulario moi sinxelo relacionado coa comida.	Comprende vocabulario moi sinxelo relacionado coa comida.

<b>EDUCACIÓN ARTÍSTICA: MÚSICA</b>	
<b>Criterio de avaliación</b>	<b>Estándar de aprendizaxe</b>
B1.1. Explorar, escoitar e describir calidades e características de materiais, obxectos, sons e instrumentos presentes no contexto natural.	EMB1.1.1. Manipula e explora as calidades sonoras do corpo e da voz.
	EMB1.1.3. Recoñece e discrimina os sons.
	EMB1.1.4. Utiliza aplicacións informáticas e/ou xogos para a discriminación auditiva destas calidades, con reforzo da familia.
B1.2. Manter unha actitude de respecto e de escoita activa.	EMB1.2.1. Respecta os tempos de silencio para o bo estudo dos sons e a escoita das audicións, co reforzo familiar.
B2.1. Coñecer e utilizar as posibilidades sonoras e musicais do corpo e doutros obxectos, manipulando materiais como fonte de son.	EMB2.1.1. Repite parcialmente esquemas rítmicos escoitados.
	EMB2.1.2. Elabora pequenos instrumentos con materiais de reciclaxe.
B2.3. Reproducir, crear e representar esquemas rítmicos e melódicos coa voz, o corpo, os instrumentos e patróns de movemento.	EMB2.3.1. Acompaña cancións, danzas e textos con fórmulas rítmicas básicas.
	EMB2.3.3. Crea pequenos esquemas rítmicos.
B3.1. Realizar pequenas coreografías.	EMB3.1.1. Realiza pequenas coreografías adecuando o movemento corporal coa música.

<b>EDUCACIÓN ARTÍSTICA: PLÁSTICA</b>	
<b>Criterio de avaliación</b>	<b>Estándar de aprendizaxe</b>
Describir oralmente e de forma sinxela diferentes formas de expresión artística.	Usa termos sinxelos e adecuados para comentar as obras plásticas observadas.
	Describe con termos propios da linguaxe as características de feitos artísticos e os seus creadores presentes no contorno.
Identificar, describir e representar o entorno natural e o entorno artificial.	Representa o espazo de diferentes maneiras.
	Identifica diferentes formas de representación do espazo.

Manexar as actividades plásticas utilizando coa correspondente destreza diferentes ferramentas (recortar, pegar, encher, traballar con pincel, pegamentos etc.).	Practica con precisión o recorte, o pegado, o pintado, etc.
Representar de forma persoal ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual.	Clasifica e ordena as cores primarias (maxenta, cian e amarelo) e secundarias (verde, violeta e vermello) no círculo cromático, e utilízalas con sentido nas súas obras.
Realizar composicións segundo un desexo de expresión, coas técnicas aprendidas.	Practica o recorte e o encartado para crear obras persoais.
Recoñecer, diferenciar e utilizar a expresividade de diversos materiais e soportes audiovisuais.	Elabora e representa imaxes despois dunha presentación audiovisual. Deseña sinxelas creacións plásticas despois de recoller información por medios audiovisuais.
Coidar, respectar e utilizar axeitadamente os materiais, os utensilios e os espazos.	Coida o material e respecta as normas preestablecidas
Elaborar os traballos.	Amosa interese polo traballo.

<b>2. Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación 3º trimestre</b>	<p>Os <b>procedementos</b> que se utilizarán na avaliación da aprendizaxe do alumnado e cos que se pretende obter información acerca do grao de consecución dos obxectivos propostos son:</p> <p><u>-Áreas de Lingua Galega, Lingua Castelá, Matemáticas, Ciencias da Natureza, Ciencias Sociais, Valores Sociais, Relixión, Educación Física e Inglés:</u></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Observación do traballo realizado polos alumnos/as.</li> <li>2. Participación en actividades comúns con toda a comunidade educativa.</li> <li>3. Realización de actividades propostas e feedback para comprobar o grado de adquisición do vocabulario.</li> <li>4. Traballo diario e/ou constante.</li> <li>5. Entrevistas co alumnado e pais/nais pola información complementaria que poden ofrecer e a importancia dunha relación positiva entre o centro educativo e a familia.</li> </ol> <p><u>-Educación Artística:</u> observación sistemática.</p> <p>As tarefas serán autocorrixidas con solucionarios, outras poderanse corrixir devolvéndolas por TokApp ou correo electrónico á mestra/e e noutros casos cando se entreguen no centro. Por este motivo, é importante que as tarefas</p>

	<p>que vaian realizando as vaian arquivando para, cando se avise, poder ser entregadas no centro para a supervisión do profesorado. Para esta entrega, empregarase o mesmo sistema que a consellería decida para a recollida de libros do fondo solidario que se comunicará máis adiante.</p> <p>Os <b>instrumentos</b> que se utilizarán na avaliación da aprendizaxe do alumnado e cos que se pretende obter información acerca do grao de consecución dos obxectivos propostos son:</p> <p><u>-Áreas de Lingua Galega, Lingua Castelá, Matemáticas, Ciencias da Natureza, Ciencias Sociais, Valores Sociais e Relixión:</u> Portfolio ou dossier cos traballos dos alumnos/as que realizaron durante os meses de cuarentena e que se entregará ós mestres/as segundo as recomendacións das autoridades sanitarias para ser revisado.</p> <p><u>-Inglés:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Portfolio ou dossier cos traballos dos alumnos/as que realizaron durante os meses de cuarentena e que se entregará ós mestres/as segundo as recomendacións das autoridades sanitarias para ser revisado.</li> <li>• Padlet colaborativo co resto do alumnado do colexio.</li> </ul> <p><u>-Educación Artística e Educación Física:</u> rexistro do traballo realizado.</p>
<p><b>Cualificación final</b></p>	<p>A nota da 3ª avaliación e da avaliación final será como mínimo ou ben a media que resulta das dúas primeiras avaliacións ou a nota da segunda avaliación. Esta nota en ningún caso baixará e poderá ser aumentada pola actitude e realización das tarefas por parte do alumnado, sempre tendo en conta a situación persoal de cada alumno/a.</p>

<p><b>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b></p>	
<p><b>Actividades</b></p>	<p>As actividades na que se centrarán as diversas áreas son de repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación.</p> <p><u>- Lingua Galega, Lingua Castelá, Matemáticas, Ciencias da Natureza, Ciencias Sociais, Valores Sociais e Relixión:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Vídeos</li> <li>-Xogos manipulativos</li> <li>-Aplicacións e xogos informáticos</li> <li>-Creacións propias (textos, maquetas....)</li> <li>-Lectura de libros</li> <li>-Tarefas impresas (libro e fichas)</li> </ul> <p><u>-Educación Física:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Actividades dixitais mediante o envío de vídeos e enlaces.</li> </ul>

	<p>-Creación de tutoriais para a realización dalgunha actividade física na casa eles sos ou cos seus familiares.</p> <p>-Propostas de actividades lúdicas a través do blogue da biblioteca e da nosa páxina web.</p> <p><u>-Inglés:</u></p> <p>-Repaso das cancións que realizamos no día a día da aula: o tempo, os días da semana, a familia...</p> <p>-Elaboración dunha árbore xenealóxica.</p> <p>-Bingo de números.</p> <p>-Xogos de memoria e discriminación auditiva.</p> <p>-Deseño dun estoxo.</p> <p>-Emocionario.</p> <p>-Debuxo da familia.</p> <p>-Clasificar vocabulario relacionado coa comida en función dos gustos.</p> <p><u>-Música:</u></p> <p>-Propostas de ritmo e movemento</p> <p>-Construción de instrumentos</p> <p>-Práctica vocal con expresión corporal</p> <p>-Práctica vocal de pezas galegas</p> <p>-Uso de aplicacións informáticas sobre diversas calidades do son</p> <p>-Audicións</p> <p><u>-Educación Plástica:</u></p> <p>-Propostas de actividades sinxelas que se poidan realizar da maneira máis autónoma posible.</p> <p>-Creación de composicións plásticas diversas tendo en conta as datas que estaban sinaladas no calendario escolar.</p> <p>-Uso de aplicacións informáticas.</p>
<p><b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b></p>	<p><u>- Lingua Galega, Lingua Castelá, Matemáticas, Ciencias da Natureza, Ciencias Sociais, Valores Sociais e Relixión:</u></p> <p>A metodoloxía empregada é a mesma para todo o alumnado co fin de garantir a equidade. En ambos casos se utiliza material funxible e recursos dixitais accesibles á totalidade do alumnado. Dependendo da conectividade varía o método de comunicación: TokApp, email, blogue da biblioteca e páxina web para o alumnado con conectividade, e chamadas telefónicas para o alumnado sen conectividade.</p> <p><u>-Educación Física:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Con conectividade:</b> a maioría do alumnado ten algún tipo de conexión a través da que nos podemos conectar con eles e informalos dos acontecementos que vaian tendo lugar. Estas conexións son viables a través de internet ou da wifi dos teléfonos das familias. O que non sabemos nestos momentos e, si miraremos de cara ao curso que vén, é a velocidade de internet posible que ten cada familia na casa.</li> <li>• <b>Sen conectividade:</b> é unha minoría de alumnos/as os que se encontran sen conexión a internet.</li> </ul>

	<p><u>-Inglés:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Con conectividade:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Dramatización e cinestesia. Repetir patróns de vocabulario e frases a través de cancións e mímica.</li> <li>-Videocontos, cancións e debuxos animados en inglés para traballar a parte oral da lingua.</li> <li>-Rutinas: seguiremos traballando a través da conectividade algunhas das rutinas que faciamos na clase como a elaboración dun calendario diario ou o emocionario.</li> <li>-Audios do Class Book coas historias dos personaxes do libro e actividades para traballar o vocabulario.</li> <li>-Padlet: actividades colaborativas en forma de pregunta e resposta cos nenos do cole.</li> </ul> </li> <li>• <b>Sen conectividade:</b> Para o alumnado que non ten acceso a internet e non pode traballar nos enlaces de actividades nin pode acceder a audios do Class Book, elabóranse tarefas en Word con instrucións en inglés e galego para seguir as actividades do libro de texto. A metodoloxía centrarase en elaborar actividades de forma autónoma cos recursos dos que dispoñan no seu domicilio e coa orientación do mestre/a especialista ou ben do titor/a.</li> </ul> <p><u>-Educación Artística:</u></p> <p>A formulación metodolóxica da unidade pretende ser, ante todo, lúdica. É preciso que o alumnado, alentado por un reforzo positivo, pase dunhas actividades a outras coa sensación de que o proceso é divertido. Os métodos activos deben contribuír sempre a que os nenos e nenas sexan os verdadeiros protagonistas, tanto no plano individual coma no colectivo. O papel do profesor redúcese simplemente a facer de guía que favorece todo o potencial expresivo dos seus alumnos.</p> <p>No desenvolvemento das tarefas empréganse diversas estratexias metodolóxicas:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Detección de necesidades sobre o manexo dos materiais tecnolóxicos.</li> <li>-Utilización do xogo como base da expresión musical e do goce como base da expresión plástica.</li> <li>-Implicación das familias nas actividades dunha forma activa e participativa.</li> <li>-Predisposición á escoita atenta das audicións propostas.</li> <li>-Estímulo á improvisación e a creatividade.</li> </ul> <p>Para o alumnado con problemas de conectividade facilitarase o traballo a través de medios externos.</p>
<p><b>Materiais e recursos</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Equipos informáticos: ordenadores e móbiles con acceso a internet.</li> <li>-Recursos na rede: xogos e enlaces a páxinas web de recursos variadas (videotutoriais, contacontos, audios, blogue da biblioteca escolar, blogue da aula de música, aula virtual do centro...)</li> <li>-Apps online ou de comunicación, como TokApp School.</li> <li>-Material funxible: xogos, libros de lectura, libros de texto, fichas e materiais de refugallo.</li> </ul>

#### 4. Información e publicidade

<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	A través de TokApp, email e chamadas telefónicas, así como a web do centro e o blogue de música e da biblioteca escolar.
<b>Publicidade</b>	Publicación na páxina web do centro.

#### 5. Profesorado

<b>Lingua Galega Lingua Castelá Matemáticas Ciencias Sociais Ciencias da Natureza Valores Sociais e cívicos</b>	Sonia Tuñas González
<b>Relixión</b>	María Manuela Lago Pérez
<b>Educación física</b>	José David Fernández Leiva
<b>Lingua estranxeira (inglés)</b>	Marina Cascallar Ferreiro
<b>Educación Artística</b>	Susana Doel Mourenza